



Asegura a viabilidade e o desenvolvimento futuros das cidades e do noso contorno.

O planeamento

7. Que é?

Planear é establecer unha serie de accións de desenvolvemento común tendo en conta as complexas necesidades futuras. Na práctica, o urbanismo plásmase nunha serie de documentos que, unha vez vistos pola poboación afectada e aprobados polo Concello coa finalidade do ben común, establecen os criterios e as condicións de uso e de intervención sobre os edificios privados ou públicos, programando actuacións de mellora tanto do patrimonio como dos espazos urbanos.

8. Como nos afecta?

Vai máis alá dos nosos intereses persoais a prol de toda a comunidade e maniféstase en distintas figuras como os plans xerais ou os especiais ou, en xeral, a normativa urbanística vixente. Estas figuras redáctanas profesionais expertos na evolución de cidades e territorio, e pénsanse para desenvolver de modo coordinado as actividades de edificación e as relacións destas co contorno e, ao mesmo tempo, protexer os elementos de valor. O obxectivo é conseguir, entre todos, que cada cidade e cada lugar, singularmente e no seu conxunto, sexan valorados, recoñecidos e apreciados polos seus habitantes e visitantes.

9. Onde me informo?

Se desexas calquera información sobre o planeamento que afecta ou corresponde ao teu lugar ou á túa cidade e sobre a maneira na que o planeamento afecta ou condiciona as intervencións sobre un edificio ou vivenda, ou sobre as axudas para facer obras, podes dirixirte á Oficina de Rehabilitación da Área ou Centro Histórico que corresponda. Alí facilitaranche toda a información que precisas. Contar co seu asesoramento é importante para todos.